



TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA AS PERSOAS DISCAPACITADAS

INFORMACIÓN

- Terán dereito a solicitar a tarxeta todas aquelas persoas EMPADROADAS neste concello, que padezan e/ou teñan recoñecido algún tipo de discapacidade con graves problemas de mobilidade
- Para a expedición da tarxeta de estacionamento as persoas solicitantes deberán ter recoñecida a imposibilidade ou dificultade de uso do transporte público polos Equipos de Valoración e Orientación (EVO), dependentes das sección de cualificación e valoración de discapacidades
- A tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade é un documento acreditativo da súa situación e ten carácter PERSOAL E INSTRANSFERIBLE (só se poderá utilizar no vehículo cando a persoa discapacitada vaia dentro do mesmo)
- A persoa titular da tarxeta poderá utilizarse en calquera vehículo no que se traslade a persoa, sexa ou non da súa propiedade, e sexa ou non a persoa condutora do vehículo
- Cando se faga uso dos dereitos que outorga esta tarxeta colocarse nun lugar visible do vehículo
- As tarxetas emitidas por este concello cumprirán coa normativa vixente en canto á concesión e formato
- En caso de cambio de domicilio a persoa titular da tarxeta será a que deba solicitar o traslado de expediente ao novo municipio de residencia.
- **No caso de que se detecte o uso indebido da tarxeta de maneira reiterada e debidamente probada, con independencia da sanción pecuniaria que poidese recaer como consecuencia do expediente sancionador incoado para tal efecto, a citada tarxeta será retirada durante o prazo de 2 anos polo órgano que a outorgase.**



- Elevarase expediente completo á Xunta de Goberno Local para que dite a resolución pertinente, unha vez recibida no departamento social a resposta do EVO sobre o expediente.
- No caso de falecemento da persoa titular da tarxeta esta será devolta ao departamento de servizos sociais.